

AS MANS DE ORLAC

Robert Wiene, 1924

1257

ESTREA EN NUMAX: 16.03.2024 | V.O.S.E. | 77 min

Orlac, un pianista famoso, perde as dúas mans nun accidente. Os médicos deciden trasplantarlle as mans de Vasseur, un asasino condenado á morte. A operación é un éxito, pero desde ese momento o pianista comeza a verse embargado por impulsos criminais.

«Un dos filmes de terror máis impresionantes da era muda»

Jennie Kermode, EYE FOR FILM



Na busca da identidade

Por Rafael Lima

O Expresionismo Alemán xerou algunhas das obras máis célebres e influentes do cinema, como *Nosferatu* (F. W. Murnau, 1922) ou *Metrópole* (Fritz Lang, 1927), entre outras. Pero como sucede con calquera xeración hai outros filmes que pasan máis desapercibidos aínda que posúan non poucas cualidades. Este é o caso d'*As mans de Orlac*, que volveu reunir o seu director, Robert Wiene, co actor Conrad Veidt, tras a célebre *O gabinete do Doutor Caligari* (1920)

Baseado na novela de Maurice Renard, a trama presenta a Paul Orlac, un talentoso pianista que perde as mans nun tráxico accidente de tren. Nun procedemento experimental, Orlac recibe a implantación das mans dun asasino e comeza a sospeitar que lle inculcaron tamén a súa tendencia a cometer crimes.

O guión Louis Nerz, non exento de erros, ten o valor de metaforizar de forma interesante a busca da indentidade na relación entre Orlac e as súas novas mans. Con elas o protagonista perde a noción de quen realmente é. O pianista non recoñece a propia caligrafía nin consegue tocar a súa espasa. Ese conflito está ben traballado polo texto ao cuestionar o que define a nosa indentidade, aínda que a coartada argumental para chegar a esta cuestión poida ser algo simplista.

Pero se o guión ten algúns problemas, a dirección de Robert Wiene e a excelente actuación de Conrad Veidt impiden que o filme caia na mediocridade. Wiene filma algunhas pasaxes de forma naturalista, como por exemplo a escena que mostra a busca de Orlac tras o accidente de tren. A área do accidente remite directamente a un escenario de guerra establecendo un paralelismo cos amputados da I Guerra Mundial. Asemade, Wiene crea pasaxes de natureza asumidamente teatrais. Un exemplo perfecto é a escena en que a esposa de Orlac, Yvonne (Alexandra Sorina), como nun verdadeiro pesadelo, se sente encollida nunha cadeira, de costas aos seus crentes, que negan coa testa de maneira sincronizada.

Pero o maior mérito de Wiene, xunto coa intensa actuación de Veidt, é transformar as mans do protagonista en verdadeiras personaxes dentro do filme, algo que se pensamos ben, é vital para que a proposta funcione. O cineasta compón encadres para que as mans do protagonista fiquen sempre en primeiro plano, sempre de forma natural. Veidt, pola súa banda, executa todos os seus movementos corporais en función das súas mans, establecendo un conflito interesante entre Orlac e os seus membros.

O deseño de produción d'*As mans de Orlac* aposta polo minimalismo, unha opción inicialmente curiosa para unha obra expresionista, pero que funciona ben, complementado a anguria dos personaxes que a narración nos propón. Escenarios como o salón baleiro onde Orlac colle o suposto puñal do asasino cuxas mans posúe, ou a mansión do cruel pai do protagonista, onde sucede un crime, xorden como expresións dos sentimentos dos seus personaxes.

A pesar de que algunhas cuestións narrativas son mellorables, *As mans de Orlac* é un filme que merece ser recordado. A habilidosa dirección de Wiene e a fantástica actuación de Veidt como o sufrido Orlac acadarán o agrado dos admiradores do cinema Expresionista e de quen goce dun bo thriller psicolóxico.



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

Las manos de Orlac,
Maurice Renard.
Siruela, 2021